

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia en Comisión

- 1.1 8176 (10/CPC-000013)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Administración Local, por petición propia, para informar sobre as liñas de colaboración entre a Administración autonómica e a representación das entidades locais, tratadas no marco da reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do pasado 20 de abril de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

Punto 2. Pregunta oral en Comisión

- 2.1 6002 (10/POC-001044)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o cumprimento na actualidade do plan de modernización establecido no Real decreto 937/2003, do 1 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, a información do Goberno galego respecto da situación existente nos xulgados da Parda, en Pontevedra, en relación cos labores de expurgación e almacenaxe de documentación escrita e dixital, así como a posibilidade de garantir a seguridade no seu tratamento e os resultados da expurgación que se está a levar a cabo nos xulgados galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

- 3.1 3695 (10/PNC-000350)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

3.2 7881 (10/PNC-000828)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto do establecemento dun novo modelo de financiamento local, así como da eliminación dos límites establecidos na lexislación vixente en materia de estabilidade orzamentaria para as administracións no referido ao gasto público, endebedamento e contratación de persoal

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 26/04/2017 18:20:42